

MEMORIA ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- I. PRIMEIRO TRIMESTRE
- II. SEGUNDO TRIMESTRE
- III. TERCEIRO TRIMESTRE

2. ACTIVIDADES EN COLABORACION CO CONCELLO DE OLEIROS

I. PROXECTOS ORGANIZADOS NO CENTRO:

- i. Programa de prevención de drogodependencias
- ii. Educación sexual
- iii. Alimentación
- iv. Habilidades sociais
- v. Oleiros solidario
- vi. Escola guapa

II. CHARLAS E OBRADOIROS COORDINADOS COA BIBLIOTECA DO CONCELLO

III. CINENSINO

IV. OUTRAS ACTIVIDADES DO CONCELLO FÓRA DO CENTRO

3. CONCURSOS, PROXECTOS E FESTAS PROPIAS DO IES

- I. ENTROIDO
- II. PROXECTO: ALMORZOS PARA A SAÚDE
- III. PROXECTO DARKNESSCURIDADE
- IV. SEMANA DA CIENCIA
- V. A OLIMPÍADA DO SABER
- VI. GRADUACIÓN DE 2º DE BACHARELATO
- VII. CONCURSO LITERARIO
- VIII. FESTA DE FIN DE CURSO

4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- I. VIAXE A ANDORRA
- II. VIAXE A ROMA

1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

I. PRIMEIRO TRIMESTRE

i. Actividades no centro:

1-10-2007	Conferencia: Paraisos do Planeta	Seminario de Ciencias	ESO: 4ºA, 4ºB. BACH: 1º
3-10-2007	Conferencia: Paraisos do Planeta	Seminario de Ciencias	ESO: 1ºA, 1ºB, 2ºA, 2ºB
19 ao 30-10-2007	Charlas sobre Europa	Titorías	ESO: 1ºA, 1ºB, 2ºA, 2ºB, 4ºC
Todo o trimestre	Xogo da bolsa	Economía	BACH: 1ºB
Todo o trimestre	Desafío para novos emprendedores	Economía	BACH: 1ºB

ii. Actividades fóra do centro:

19-10-2007	Visita a Abegondo. Convivencia	Seminarios de Lengua e Música	ESO: 1ºA, 1ºB
25-10-2007	Recollida de mostras na praia de Sta Cristina	Seminario de Ciencias	ESO: 4ºA
18-10-2007	Visita a exposición na fundación Barrié	Seminario de Debuxo	ESO: 4ºA, 4ºB
19-12-2007	Visita a Alumán (Arteixo)	Seminario de Tecnoloxía	ESO: 2ºA, 2ºB
19-12-2007	Asistencia a xornada de orientación universitaria(Palexco)	Departamento de Orientación	BACH: 2ºA, 2ºB
19-12-2007	Visita á casa das Ciencias	Seminario de Xeografía e Historia	ESO: 1ºA, 1ºB
20-12-2007	Visita a Betanzos	Seminario de Xeografía e Historia	ESO: 2ºA, 2ºB

II. SEGUNDO TRIMESTRE

i. Actividades no centro:

25-2-2008	Conferencia de D.Xosé Miranda	Seminario de Galego	ESO: 3ºA, 3ºB, 4ºA, 4ºB, 4ºC
14-2-2008	Charla sobre a axencia tributaria	Seminario de Economía	BACH: 1ºB, 2ºB
10-3-2008	Charla sobre planificación urbanística	Seminario de Xeografía e Historia	ESO: 3ºA, 3ºB
26-3-2008	Conferencia de D.Antonio Reigosa	Seminario de Galego	ESO: 1ºA, 1ºB, 2ºA, 2ºB

ii. Actividades fóra do centro:

10-1-2008	Charla na Axencia Tributaria	Seminario de Economía	BACH: 1ºB
10-1-2008	Visita á Axencia Tributaria	Seminario de economía	ESO: 3ºA, 3ºB
18-1-2008	Visita a Sogama	Seminario de Ciencias	ESO: 4º(medioambiente). BACH: 2º
23-1-2008	Concerto didactico da OSG no Pazo da Ópera da Coruña	Seminario de Música	ESO: 3ºA, 3ºB
31-1-2008	Visita á fabrica da Coca-cola (participación no concurso)	Seminario de Lengua	ESO: 2ºA, 2ºB
8-2-2008	Recollida de mostras na praia de	Seminario de Ciencias	ESO: 4ºA

	Sta Cristina		
4-3-2008	Visita a Emalcsa	Seminario de Ciencias	ESO: 4º(medioambiente). BACH: 2º
13-3-2008	Asistencia a ensaio da OSG no Pazo da Ópera da Coruña	Seminario de Música	BACH: 1º, 2º (optativa de música)
31-3-2008	Roteiro polo monumento natural Costa de Dexo-Serantes e visita á aula do Mar	Seminario de Xeografía e Historia	ESO:3ºA, 3ºB
Todo o trimestre	Clases de Educación Física realizadas na piscina de Perillo	Seminario de Educación física	ESO: Todos os cursos BACH: 1º

III. TERCEIRO TRIMESTRE

i. Actividades no centro:

9-4-2008	Presentación da película: Pradolongo	Normalización	ESO:1ºA, 1ºB BACH: 1ºA, 1ºB
14-4-2008	Visita á fabrica da Coca-cola e á cidade de A Coruña	Seminario de Xeografía e Historia	ESO: 3ºA, 3ºB, 4ºC BACH: 2ºB
21-4-2008	Charla de D. Serafin Mourelle	Seminario de Xeografía e Historia	ESO: 4ºA, 4ºB, 4ºC
23-4-2008	Charla de D ^a Carmen Miguez	Seminario de Xeografía e Historia	ESO: 4ºA, 4ºB, 4ºC
24-4-2008	Visionado dunha película	Seminario de Xeografía e Historia	ESO: 4ºA, 4ºB, 4ºC

ii. Actividades fóra do centro:

4-4-2008	Actividade didáctica en torno á exposición “Un lugar de Xapón”	Seminario de Debuxo	ESO: 4ºA, 4ºB
8-4-2008	Concerto didáctico da OSG no Pazo da Ópera da Coruña	Seminario de Música	ESO: 2ºA, 2ºB
14-4-2008	Visita á cidade de A Coruña	Seminario de Xeografía e Historia	ESO: 3ºA 3ºB, 4ºC BACH: 2ºB
28-4-2008	Cursos de iniciación ao remo e ao Kaiak	Seminario de Educación Física	ESO: 2ºA, 2ºB
6-5-2008	Cursos de iniciación aos deporte acuáticos	Seminario de Educación Física	ESO: 4ºA, 4ºB
28-5-2008	Cursos na praia de Bastiagueiro	Seminario de Educación física	ESO: 1ºA, 1ºB
29-5-2008	Ponencia de alumnos do instituto nun congreso do Ceida	Seminario de Ciencias	BACH: 2º
20-6-2008	Visita ao parque eólico de Xermade	Seminario de Tecnoloxía	ESO: 3ºA, 3ºB

2. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE OLEIROS

I. PROXECTOS ORGANIZADOS NO CENTRO

Os proxectos formativos que se desenvolveron durante este curso escolar xiraron en torno a os seguintes programas formativos:

- i. Programa de prevención de drogodependencias
- ii. Educación sexual
- iii. Alimentación
- iv. Habilidades sociais
- v. Oleiros solidario
- vi. Escola guapa

Os horarios das charlas, impartidas por monitores facilitados polo concello, así como o deseño curricular dos contidos, foron coordinados cos profesores titores de cada grupo, así como dos profesores da asignatura alternativa a relixión, e mesmo coa asignatura de relixión cando o tema entraba dentro da programación da asignatura(Oleiros solidario).

Estes proxectos, desenvolvéronse desde o mes de febreiro, ininterrumpidamente ata o mes de xuño, segun os calendarios que se adxuntan a continuación:

CURSO	DROGODEPENDENCIAS	EDUCACIÓN SEXUAL	ALIMENTACIÓN	HABILIDADES SOCIAIS	OLEIROS SOLIDARIO
1º ESO			<p>A Hora: 13:20 Días: 11, 18 abril Titora: Isabel Santamarina</p> <p>B Hora: 16:15 Días: 7, 14 abril Titora: Graciela Forte</p>	<p>A Hora: 13:20 Días: 15, 22, 29 febreiro Titora: Isabel Santamarina</p> <p>B Hora: 16:15 Días: 11, 18, 25 febreiro Titora: Graciela Forte</p>	<p>A. 12, 19, 26 feb, 4 marzo 11:20 – 12:10 h</p> <p>B. 15, 22, 29 feb, 7 marzo 10:30 – 11.20 h</p>
2º ESO			<p>A Hora: 8:30 Días: 10, 17 abril Titora: Eva Tizón</p> <p>B Hora: 12:30 Días: 7, 14 abril Titor: Jorge Varela</p>	<p>A Hora: 8:30 Días: 14, 21, 28 febreiro Titora: Eva Tizón</p> <p>B Hora: 12:30 Días: 11, 18, 25 febreiro Titor: Jorge Varela</p>	<p>Visita para todos os grupos ou ben o día 20 ou 22 de feb ás 13:20 – 14h:10 h</p> <p>A. 6, 13, 27 feb 13:20 – 14 10 h</p> <p>B. 15, 22, 29 feb 13.20 – 14.10 h</p>
3º ESO		<p>A Hora: 12:30 Tutor: Xosé Antón García Días: 9, 16, 23 abril.</p> <p>B Hora: 13:20. Tutor: Diego Mazas Días: 9, 16, 23 abril.</p>			<p>A. 25 marzo, 1, 8, 15, 22 abril 9:20 – 10.10 h</p> <p>B. 25 marzo, 1, 8, 15, 22 abril 9:20 – 10.10 h</p>
4º ESO			<p>A Hora: 9:20 Titora: Mª Carmen Porta Días: 7,14 abril</p> <p>B Hora: 12:30 Titora: Mª Emilia Villar Días: 8, 15 abril</p> <p>C Hora: 9:20 Titora: Nuria Sánchez Días: 7, 14 abril</p>		
1º BACH					

PREVENCIÓN DA DROGADICCIÓN.

ACTIVIDADE CON MONITORES DO CONCELLO.

LUNS 10	MARTES 11	MÉRCORES 12	XOVES 13	VENRES 14
	4º A 4º B 4º C FL2/RE1/LA1	4ºA 4ºB 4ºC LG1/LG2/BX1/I N1	2ºA 2ºB LC3/XH4	1ºA 1ºB XH4/FR2
	4º A 4º B LG2/LE1	4ºA 4ºB 4ºC MA1/DE2/GR1	2ºA 2ºB FR1/MA4/LG1	2ºA 2ºB FR2/IN3/LG3
	1ºA 1ºB IN4/FR2/LG3	1ºA 1ºB DE2/EF1	3ºA 3ºB BX3/EF1	3ºA 3ºB LG1/LG2/LC2
	1ºA 1º B IN1/MU3/RE1 /DE2	1ºA 1ºB IN4/LG3/LC2	3ºA 3ºB XH3/MU3	4ºA 4ºB MA1/DE2
		3ºA 3ºB XH3/MU3	2ºA 2ºB IN2/IN3/LG3	
		3ºA 3ºB TE2/FQ2	2ºA 2ºB MU3/BX3	

CHARLAS E OBRADOIROS COORDINADOS COA BIBLIOTECA

En colaboración cos profesores da biblioteca do IES

28-3-2008	Conferencia de D. Fernando Lalanía	ESO: 2ºA, 2ºB
2-4-2008	Obradoiro e contacontos no auditorio de Mera	ESO: 4ºA, 4ºB, 4ºC
3-4-2008	Animación e obradoiro no auditorio de Mera	ESO: 3ºA, 3ºB
9-4-2008	Conferencia de Dº Soledad Felloza na biblioteca Rialeda	ESO: 4ºA, 4ºB, 4ºC
11-4-2008	Conferencia de Dº Soledad Felloza en Santa Cruz	BACH: 1ºA, 1ºB
29-4-2008	Conferencia na biblioteca Rialeda sobre Xosé María Álvarez Blázquez	BACH: 1ºA, 1ºB, 2ºA, 2ºB
14-5-2008	Obradoiro de Fran Bueno na biblioteca Rialeda	ESO: 1ºA, 1ºB
20-5-2008	Obradoiro de Manel Craneo na biblioteca Rialeda	ESO: 3ºA, 3ºB

II. CINENSINO

En colaboración cos profesores titores de 2º da ESO

11-3-2008	Auditorio da Fábrica	ESO: 2ºA, 2ºB
28-5-2008	Auditorio da Fábrica	ESO: 2ºA, 2ºB

III. OUTRAS ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO

9-11-2007	Seminario de Galego e Normalización	Teatro no auditorio de Mera	ESO: 4ºA, 4ºB, 4ºC BACH: 1ºA, 1ºB
3-12-2007	Seminario de Galego	Teatro no Auditorio de Mera	BACH: 2ºA, 2ºB
30-3-2008	Seminario de Música	Concerto ofrecido polos alumnos do IES no auditorio de Mera	BACH: 1º, 2º (optativa Música)

PROXECTOS, CONCURSOS E FESTAS PROPIAS DO CENTRO

III. ENTROIDO

Coordinado polo departamento de Normalización lingüística, participaron tódolos alumnos do instituto según o seguinte calendario de actividades desde o 28 de Xaneiro ao 1 de Febreiro :

Estimado Compañeiro E Compañeira:

CONVIDÁMOSCHE A PARTICIPAR NA PREPARACIÓN DAS ACTIVIDADES DO ENTROIDO A DESENVOLVER NA SEMANA DO 28 DE XANEIRO Ó 1 DE FEBREIRO.- ¡¡XA ESTÁ AQUÍ!!

3. Do 28 ó 31 actividades de preparación, exposicións, visionado dalgunha peli, montaxes...

4. O 1, dende o 1º recreo, festa de Antroido.

ELIXIMOS UNHA TEMÁTICA.- Aínda que despois sexamos flexibles co que cada quen poida atopar para o disfraz, ou as coplas, entendemos que é mellor elixir un tema amplo sobre acontecementos, conmemoracións, personaxes significativos este ano.

Este ano, en sintonía con Zaragoza, queriamos evocar a Exposición Universal sobre a Auga. Nisto cabe dende as referencias ó cambio climático ate a augardente. Dende a lei seca ate as profesións que teñen relación coa auga. Dende o mar ate os embases nos que transportamos a auga...

ACTIVIDADES POSIBLES.- (Estudade a súa viabilidade e idoneidade...)

1ª. Visionado dunha película.

2ª. Audición, nos tempos de lecer, de música polos corredores.

3º. Exposición carteis de Entroido.

4ª. Elaboración e exposición de montaxes sobre o tema

5ª. Composición de Coplas para o Testamento do Entroido.

6ª Disfraces e comparsas día 1.

7ª. Viandas de Antroido para pasar a mañá: Filloas e Ourellas.... aínda que sexa mercados. Tamén intercambios gastronómicos...

8ª. Concertos.

9ª. Xogos populares nas pistas deportivas.

10ª. Outras...

É importante ir falando con titores e profesores para coñecer o seu grao de implicación nestas preparacións...

Vicedirección e Normalización lingüística

IV. PROXECTO: OS ALMORZOS PARA A SAÚDE

Dirixido polo Seminario de Economía.

O obxectivo era poder ofertar de forma gratuíta un almorzo completo e saudábel para todos os alumnos e alumnas do instituto.

Os alumnos tiveron que facer enquisas, presupostos, pedir asesoramento sobre nutrición, buscar empresas financiadoras, organizar os grupos de almorzo e servilo durante unha semana.

Conseguiron financiación e axudas de: Gadis, Familia, Concello Oleiros, Caixa Galicia, Caixa Nova, La Caixa, BBVA e Caixa España

V. PROXECTO DARKNESSCURIDADE

Ao longo **dos meses de febreiro e marzo de 2008** tivo lugar no IES Neira Vilas o desenvolvemento do proxecto interdisciplinar “Darknesscuridade”, unha reflexión sobre a obra de Joseph Conrad “O corazón das tebras” e o contexto histórico no que se desenvolve.

Á **lectura e análise da obra de Conrad** na asignatura de Literatura Universal Contemporánea (1º Bacharelato) engadíuse a de fragmentos da mesma nas clases de linguas estranxeiras. E tamén o **visionado do vídeo “Genocide au Congo”,** orixinalmente en francés. As actividades incluíron asimesmo o **visionado e análise** da película de Coppola “**Apocalypse Now**”, así como **dúas exposicións**: unha **bibliográfica, levada a cabo na biblioteca** do centro escolar coa colaboración da biblioteca Ría Leda, e **outra fotográfica –no corredor inferior do IES-** a base de imaxes históricas comentadas, referentes á colonización do Congo a finais do século XIX e comezos do século XX. E queda por citar a interpretación plástica que dalgúns gravados ou creacións propias realizaron varios alumnos para incluír nesta exposición fotográfica.

As actividades remataron cun **acto final multidisciplinar**, consistente nun maratón de lectura que se realizou o **venres 28 de marzo, entre 10.30 e 12.10 horas no Salón de Actos do IES Neira Vilas.**

VI. SEMANA DA CIENCIA

Os seminarios de Ciencias, Tecnoloxía e Física e Química elaboraron este proxecto que se desenvolveu no IES durante a semana do 14 ao 18 de Abril. Consistiu en:

- Exposición do traballo [Control automatico dun cultivo hidropónico](#) [Conxunto]
- [Exposición de maquetas, posters e exemplares todos eles adicados ao mar.](#) [Dept. Bioloxía e Xeoloxía]
- [Actividades de Ciencia Recreativa](#) [Dept. Física e Química]
- [Exposición de Proxectos](#) [Departamento de Tecnoloxía]

VII. A OLIMPIADA DO SABER

Os profesores que se encargan da biblioteca do instituto realizaron durante os meses de **Febreiro, Marzo e Abril** unha olimpiada con diferentes concursos de preguntas que puxeron a proba a cultura, a rapidez, e a capacidade de manexo de bibliografía dos nosos alumnos, que participaron por equipos.

VIII. GRADUACIÓN DE 2º DE BACHARELATO

O **venres 23 de Maio**, despedimos aos rapaces que remataron os seus estudos no noso centro. O acto, que tivo lugar ás **20:00 horas** tivo o seguinte programa:

- **Concerto** ofrecido póllos alumnos de 1º e 2º de Bacharelato
- Unhas palabras dunha **alumna** de 2º de Bacharelato
- Discurso da **nai** dun dos alumnos graduados
- Discurso do **profesor** D. José Couce
- Unhas palabras de despedida do **Director** D. Jesús Fernández Llaneza

A continuación ofrecéuse aos pais, alumnos e profesores un aperitivo.

IX. CONCURSO LITERARIO

O Seminario de Galego convocou entre os alumnos un concurso literario con dúas modalidades: conto e poesía.

Os alumnos que participaron fixérono en dous niveis:

- 1º, 2º, e 3º da ESO
- 4º eso e BACHarelato

O prazo para a entrega das obras foi desde finais de **Abril ata o 14 de Maio**

X. FESTA DE FIN DE CURSO

O Concerto de fin de curso de todos os alumnos de música da ESO e de Bacharelato, así como a entrega dos premios para os gañadores do concurso literario do Seminario de Galego e para os equipos gañadores da Olimpíada do saber da Biblioteca, tiveron lugar no Salón de Actos do instituto o día **30 de Maio** durante a mañá

5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

I. VIAXE A ANDORRA

Organizado polo Seminario de Educación Física, esta viaxe tivo lugar entre os días **12 e 19 de Xaneiro**, coa participación de alumnos de 4º da ESO e de 1º de Bacharelato.

II. VIAXE A ROMA

Os alumnos de 4º da ESO fixeron unha viaxe de fin de estudos a Roma con numerosas visitas culturais durante os días **18, 19, 20, 21, 22 e 23 de Xuño**